



## ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2022

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA.**

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica Xunta de Galicia, o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Excelentísima Deputación Provincial da Coruña está rexistrada co número E-1335 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e dispón do centro de menores Emilio Romay, situado na Avenida Ferrocarril, nº 43 na Coruña. Neste centro préstanse servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas, etc. na súa propia familia.

Con este obxecto asinouse o día 28 de decembro de 2018 un convenio de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Política Social.

Na cláusula décima do convenio establécese a vixencia ata o 31 de decembro de 2019 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

O 30 de decembro de 2019 asinouse a primeira das prórrogas do citado convenio de colaboración, con vixencia do 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2020.

O 30 de decembro de 2020 asinouse a segunda das prórrogas do citado convenio de colaboración, con vixencia do 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2021.

Na súa virtude, e tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta institución na atención de menores, ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,



## ACORDAN

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 28 de decembro de 2018, por seis meses e con efectos desde o 1 de xaneiro do 2022 ata o 30 de xuño do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segundo.-** O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o ano 2022 é de 162.952,43 €.

Para este convenio non se establece revisión do prezo.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228.

**Terceiro.-** Este acordo de prórroga entenderase condicionado a que, unha vez aprobados os orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2022, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no intre da súa sinatura, quedando ademais condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración para o ano 2022, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social  
A conselleira

Pola Excelentísima Deputación Provincial da Coruña  
A deputada de Benestar Social e Educación

Fabiola García Martínez

Ana Lamas Villas